EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DOCUMENTAIS

EXERCICIO 1

Completa os seguinte mapa: delimita as CC.AA. (tamén as cidades autónomas). Ponlle nome ás provincias que integran cada unha delas e sinala cada unha das capitais autonómicas.

EXERCICIO 2

Le o texto que se presenta de seguido e despois fai un comentario seguindo as pautas que se deron no apartado de técnicas de traballo.

"(…) A constitución española fundaméntase na indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españoles, e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidaridade entre todas elas (…).
As CC.AA. gozarán de autonomía financeira para o desenvolvemento e execución das súas competencias (…).
(…) Os recursos das CC.AA. estarán constituídos por:

- Impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado (…)
- Os seus propios impostos, taxas e contribucións (…)
- Transferencias dun Fondo de Compensación Interterritorial (…)
- Rendementos do seu patrimonio (…)
- Produto de operacións de creto (…)

(…) Para correxir os desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidaridade (…)"

EXERCICIO 3

Completa os seguintes cadros:

A CE de 1978 organiza o Estado en municipios, provincias e...

→ VíAS DE ACCESO

-vía -vía -vía -vía

→ ORGANIZACIÓN

Lei básica:

Institucións públicas:	Poder:
-Asembleas, Parlamentos…	-
-	- Executivo
-	-Xudicial

→ COMPETENCIAS

-Propias do Estado: artigo : -Exclusivas CC.AA. artigo 148: (deben estar 5 das 22:

FINANCIAMENTO

1.-Réxime xeral: os fondos proveñen de:

-

-

-

-

-

2.- : os fondos proveñen de:

As CC.AA cobran os impostos e ceden unha parte á administración Xeral do Estado.

RESPOSTAS

Exercicio 1

Capitais autonómicas: Galicia: Santiago de Compostela / Asturias: Oviedo / Cantabria: Santander/ País Vasco: Vitoria / Navarra: Pamplona / Rioja: Logroño / Aragón: Zaragoza / Cataluña: Barcelona / Valencia: Valencia / Murcia: Murcia / Andalucía: Sevilla, Extremadura: Mérida / Castilla Mancha: Toledo / Castilla León: Valladolid / Madrid: Madrid/ Canarias: Santa Cruz de Tenerife e As Palmas/ Baleares: Mallorca.

Exercicio 2
(un comentario de texto permite respostas moi variables, aquí a suxestión dunha posible solución ao exercicio)

Acabamos de ler tres textos de tipo legal, concretamente tres fragmentos da Constitución Española de 1978. Non se pode falar con propiedade dun autor, pois o texto constitucional español foi redactado por unha ponencia de sete membros. Centrándonos nos textos vemos que fan referencia á organización territorial do Estado que se plantexou no xa mencionado texto constitucional:
O primeiro parágrafo fai referencia aos principios básicos da nova organización territorial tal e como son a unidade da Nación española, o dereito á autonomía de rexións e nacionalidades e a solidariedade entre elas. Segundo se desprende disto, España é unha unidade, un único país, pero iso no impide que se os diferentes territorios que compoñen o Estado o desexan, poden conformar autonomías, é dicir, que terán a posibilidade de lexislar dentro do seu ámbito territorial: terán a posibilidade de autogobenarse, pero sempre dentro do respecto á CE, que é a lei básica do Estado, igual que os Estatutos de Autonomía o son das Comunidades. Non debemos esquecer que a pesar de existir autonomías, a Constitución de 1978 tamén propugna deben ser solidarias entre elas, que as máis ricas deberán axudar a aquelas menos desenvolvidas, para camiñar cara a consecución dun territorio máis integrado e equilibrado.

A segunda parte fálanos da autonomía financeira que gozarán as Comunidades (para poder desempeñar as funcións outorgadas polos Estatutos e pola Constitución non seus artigos 148 e 149) de onde partirán os fondos que posuirá cada Comunidade para poder levar adiante os seus cometidos institucionais. Tal e como se desprende do texto vemos que os fondos conseguiranse por cinco vías distintas:

- Impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado
- Os seus propios impostos, taxas e contribucións
- Transferencias dun Fondo de Compensación Interterritorial
- Rendementos do seu patrimonio
- Produto de operacións de creto

O derradeiro texto lévanos a referirnos á solidariedade outra vez. Xa se comentou anteriormente que os diferentes territorios deberían ser solidarios para chegar ao equilibrio territorial. Para poder levar a diante este principio, o texto constitucional español plantexou unha serie de medidas, como por exemplo a creación dun Fondo de Compensación Interterritorial mediante o cal se podan canalizar axudas económicas das rexións máis desenvolvidas cara aquelas máis atrasadas, o reparto do monto económico que compón este fondo farase en base a unha serie de criterios socioeconómicos como o crecemento demográfico, taxa de paro, emigración…

Esta novidosa organización territorial, cabe dicir novidosa pero non nova pois xa existiu durante a II República, permite achegar a administración aos cidadáns e facilita que as decisións se tomen preto dos lugares aos que van a afectar, pero non cabe dúbida que tamén entraña algúns problemas como son, por exemplo, o incremento do número de centros de decisión e por tanto do gasto en administración, persoal e en burocracia e tamén, e sobre todo, que hai serias dificultades para garantir a igualdade de dereitos a todos os cidadáns (por exemplo, as coberturas sanitarias varían dunhas rexións a outras). Para arranxar istes problemas faise moi necesario incrementar a coordinación entre o goberno do Estado e o das CC.AA. e, como non, e entre os gobernos das distintos autonomías.

Exercicio 3

A CE de 1978 organiza o Estado en municipios, provincias e...

COMUNIDADES AUTÓNOMAS

VíAS DE ACCESO

-vía artigo 151

-vía artigo 143

-vía disposicións adicionais

-vía disposicións transitorias

ORGANIZACIÓN

Lei básica: Estatuto de Autonomía

Institucións públicas:	Poder:
-Asembleas, Parlamentos…	-Lexislativo
-Goberno	- Executivo
-Tribunal superior de X.	-Xudicial

COMPETENCIAS

-Propias do Estado: artigo 149

-Exclusivas CC.AA. artigo 148:
(deben estar 5 destas 22: organización das institucións de autogoberno, alteración dos termos municipais do seu territorio, ordenación do territorio, urbanismo e vivenda, obras públicas de interese autonómico, ferrocarrís e estradas que discorran só no ámbito da autonomía, porto de refuxio e portos e aeroportos deportivos, agricultura e gandería, medio ambiente, aproveitamento dos recursos hidráulicos, pesca en augas interiores a caza e pesca fluvial, feiras interiores, fomento económico da comunidade, artesanía os museos, as bibliotecas e os conservatorios, patrimonio monumental, fomento da cultura e ensinanza, se a houbera da lingua propia, promoción do turismo, promoción do deporte, asistencia social, sanidade e hixiene, vixiancia e protección dos seus edificios e instalacións)

FINANCIAMENTO

-Réxime xeral: os fondos proveñen de:

-Cesión de impostos

-Impostos e Taxas propias

-Fondo de Compensación Interterritorial

-Rendemento do seu propio patrimonio

-Operacións de creto

- Cupo : os fondos proveñen de:

As CC.AA cobran os impostos e ceden unha parte á administración Xeral do Estado.